

CARTAFOL DE MIRAXES

*The root of tongues ends in a spentout cancer,
that but a name, where maggots have their X.*

Dylan Thomas

É DE VER que na tromba dos días as pedras da pel se espaxen
e os corpos son casas que agardan á tarde un incendio na eira.
Así as cousas: o peixe na espuma, o pole nos labios do vento,
o verme rillando nos miolos, as lentas poleas da cidade
e sobre todo o desexo, que as segue manchado de lama,
van devalando revoltos ao longo de praias en sombra.
Querer saber reseca os teus ollos, e se antes lograbas
ensarilla-lo futuro con sopros e nubes de pompas,
agora un fume sen fondo dilúe os contornos, ceibando
esa area que cava nos poros o rostro da morte.
Animal de falar esqueceu os engados de lámpada e biombo
que denso callaban o ser, enfermou dos pulmóns da memoria
que aviaban o soño do sangue.
Se contra a sombra e a seca
quedan oficios de fe, serán as leccións da miraxe:
unha man que reflexa bailadas de espectros no muro.
Un espazo de pasos en falso onde finxen as raíces
a súa seiva, a súa sede. Un espello que garda da chuvia
os lampos de arteria e recordo: cómpre guindármolos dados
e a ver se os recantos consenten alumear vagalumes.

NO LIMO un lumeser, un sol na lama
abala as cousas alto desde un pozo;
no limo un lume lambe, cuspe a vida
igual que unha ave rubia busca o ceo:
a vida é esvoazar, sístole de arxila.
Na limo un lume arder erma labranza:
na arxila unha ave moura reba a terra,
desgasta croios, cántaros e cravos,
derruba as árbores e a miña cara.
A arxila é verme a roer, raíz de engurra.
Un mercador, o Tempo, trata o limo
con mel de lúa,
o Temposer, señor de Tendas, tira

a pel noviña nas cunetas,
o Tempo vén abaneando a casa,
facendo estupro cos meus pergameos,
collendo as cousas (que delicadeza),
basteandoas e basteandoas,
enchendo de hordas o deserto todo.
Oh Lúa, Lúa, lambe lingua o limo,
limpe o teu labio o esluír da cousa.
Eu vou detrás de ti
(da artesanía do perfil exacto)
que es luz da verba morte que apuntala
a fírgoa e mailo tempo esmelenado.
Eu vou detrás fiando cousa e cousa,
maila tritura tralla e verme estrondo,
o T que traba e furta estes relatos
revende as verbas coma vagas vanas.
Eu contra a troula que supura e cuspe
monstros de terra e terremotos tristes
soprar afiado e fío de prata enfronto:
o poema, cousa fiel de outras idades.
Son, se consente a sorte,
un animal que desnovela sombras
á luz da lúa, locución do óso.

CANDO NACÍN, entre o zunir da noite,
coma un samargo entre silveiras solto,
ben sei que dun país en branco e negro
trouxen comigo esta muxica fónica.
Ben sei que tras de erguerme de entre a carne
abrín no mundo morno unha fronteira:
desculpa, nai.
Polos cantóns de dentro
medrou un cuarto de atlas e de flores
con lume branco e sombras bailadoras,
tristuras coma moscas, dedos lentos
trazando coma arañas noite e día;
fóra quedaban cóbregas cruzando
bosques de pernas, estronicios roucos
e mailos ollos que de amor reclaman.
Entón, levado dese dobre incendio,

marchando fronte ás marxes e as toxearas
e ao longo do herdo e a súa rede escura,
palabra souben e tanguer nas liras
dos mortos que arrecenden nos camiños.
Son muiñeiras moumeando, coma un gume
que estremece a madeira e que seitura
o tintinar das cousas non sabidas,
ou tambores de guerra que, resoando
igual que as ferraduras sobre o Trópico,
esixen voz ao mar e arrola á terra
con prata de vitoria e subterfuxio.
E eu son feliz no estrondo deste imperio
que cada abrente rompe o mar e busca
encher de lume os límites da esfera.
Ben sei desa tocata de formigas
que pon nos feitos un cendal de sombra;
o caravel que eu amo, co seu nome,
vai nesta romaría de elementos
a se facer papel, po, paralaxe,
e as almas dan traspés, caen tras das cousas,
chapuzan entre chancas e calixe.
Ben sei que a rosa non é deste mundo.
Mudo eu modulo estes murmurios mouros
coma campás en procesión de peste,
e na noite do tigre desenredo
triángulos de luz. Unha xeadada
descende desde a lúa, un leite diáfano
ou sangue de inocencia, coma un soño
de amor que envolta en refraccións a terra.
Quen vive dese gume, esa brancura.
Eu son feliz así. Coma un destino.